



Sesión informativa

Que é?



- É o programa de educación, formación, xuventude e deporte da Unión Europea
- Fusiona moitos programas que antes había para distintos niveis de estudos
- Obxectivos:
 - Reducir o desemprego
 - Fomentar a educación de adultos
 - Reducir o abandono escolar
 - Promover a cooperación e mobilidade cos países asociadas á UE

Que se fai no noso centro?



Erasmus+

- Unha das medidas que promove o Erasmus+ son as mobilidades de moz@s dentro de países da Unión Europea
- O noso centro participa cun proxecto de mobilidades KA102, orientadas a alumnado e profesorado de Formación Profesional
- O obxectivo do proxecto é facer as mobilidades na realización do módulo de FCT

Quen pode participar?



- Nas mobilidades pode participar tanto o alumnado do ciclo de grao medio como o de formación profesional básica
- A participación faise a través do proxecto do centro, non a título individual
- Se non houbera mobilidades suficientes para todo o alumnado interesado, definiranse os criterios para seleccionar o alumnado baseándose no expediente académico e nivel no idioma

Cando me podo apuntar?



Erasmus+

- O centro debe presentar a solicitude do proxecto sobre o mes de febreiro para as mobilidades que se queiran facer no ano seguinte
- Este ano permitiuse a presentación de solicitudes nunha segunda ronda, ata o 4 de outubro

A onde se pode ir? Erasmus+

- As mobilidades Erasmus+ poden realizarse aos seguintes países:
 - Alemaña, Austria, Bélxica, Bulgaria, Croacia, Chipre, Dinamarca, Eslovenia, Estonia, Finlandia, Francia, Grecia, Hungría, **Irlanda**, Italia, Letonia, Lituania, Luxemburgo, Malta, Países Baixos, Polonia, **Portugal**, Reino Unido, **República Checa**, República Eslovaca, Romanía, Suecia, antiga República Iugoslava de Macedonia, Islandia, Liechtenstein, Noruega e Turquía.

Destino: Braga




- Vantaxes:
 - Proximidade xeográfica
 - Máis facilidade para superar a barreira do idioma
 - Ampliar o mercado laboral á eurorrexión de Galicia e o Norte de Portugal
 - Máis posibilidades de emprego en empresas transnacionais



Destino: Praga



- Vantaxes:
 - Experiencia previa positiva coa empresa socia
 - Nivel de vida similar ao noso
 - Cidade de tamaño medio (arredor de 1 millón de habitantes)
 - Uso de inglés con non nativos



Destino: Irlanda



- Vantaxes:
 - Inmersión lingüística en inglés



Como se organiza a mobilidade?



Erasmus+

- Para facer a organización e seguimento da mobilidade, o centro colabora con unha empresa socia para:
 - Seleccionar a empresa na que facer as prácticas
 - Escoller o aloxamento
 - Organizar formación lingüística durante a mobilidade
 - Axudar en calquera problema que poida xurdir durante a mobilidade

Que axuda se recibe?



- Para cada mobilidade obtense a seguinte axuda (pode variar en cada convocatoria):
 - Axuda para o desprazamento (180€-275€)
 - Axuda para o aloxamento e a manutención (2000€-3000€)
 - Axuda para a organización (350€)
 - Formación lingüística online ou 150€
- Recíbese o 80% da axuda antes do comezo da mobilidade, e o 20% despois do remate
- Non hai que xustificar os gastos realizados

Que nivel debo ter no idioma?



Erasmus+

- Dentro do Erasmus+ ofrécese unha formación lingüística online ou axuda de 150€ para formación lingüística
- O ideal sería ter un nivel A2 ou superior no comezo da mobilidade e B1 ou superior tras rematala

Teño algún seguro?



Erasmus+

- Ao facer a mobilidade a un país da Unión Europea, a prestación sanitaria está garantida solicitando a **Tarxeta Sanitaria Europea**
- Ao facer a mobilidade na realización do módulo de FCT, disponse dunha póliza de seguro de accidentes e responsabilidade civil contratada por parte da Consellería de Educación

Como se certifica a mobilidade?



Erasmus+

- O centro expedirá para cada mobilidade **Documento de Mobilidade Europass**, que certifica a súa realización



EUROPASS MOBILITY

1. THIS EUROPASS MOBILITY DOCUMENT IS AWARDED TO			
Surname(s) (1) (*)	First name(s) (2) (*)	Photograph (4)	
DUPONT	Stephan		
Address (house number, street name, postcode, city, country) (3)			
Kavala str. 52, GR-54248 Thessaloniki			
Date of birth (5)	Nationality (6)	Signature of the holder (7)	
21 05 1972 dd mm yyyy	Irish		
<small>NB : Headings marked with an asterisk are mandatory.</small>			
2. THIS EUROPASS MOBILITY DOCUMENT IS ISSUED BY			
Name of the issuing organisation (8) (*)			
Vocational College of Greenfield			